



Universidade de Vigo

Campus de Vigo

Licenciatura en BIOLOXÍA

CIENCIAS EXPERIMENTAIS E DA SAÚDE

LICENCIATURA EN BIOLOXÍA

Esta é unha carreira que se engloba na Área das Ciencias Experimentais e da Saúde, e encárgase do estudo dos seres vivos. Comprende o estudo de plantas, animais e microorganismos como individuos e a escala celular e molecular, así como as relacións entre eles, co medio natural e as posibles aplicacións derivadas destes.

SAÍDAS PROFESIONAIS

Medio natural

Estudos de impacto ambiental, xestión de espazos naturais, control e depuración de augas residuais, sistemas de xestión ambiental, auditorías ambientais, planificación e ordenación do territorio, conservación de especies: flora e fauna, restauración do medio e da paisaxe, reforestacións, xestión da contaminación e de residuos: industriais, agrícolas, sanitarios e urbanos, asesoramento científico-técnico, xestión ambiental. industrial, estudos ecolóxicos, prevención de riscos naturais e incendios forestais e dinámica de poboacións: manexo e control.

Sanidade

Tratamento de pragas e epizootias, fitosanitarios, análises biolóxicas de augas e alimentos, análises clínicas, consello xenético, nutrición e dietética, toxicoloxía, avaliación de riscos, reprodución humana e planificación familiar, bioquímica, microbioloxía e parasitoloxía, inmunoloxía, estudos demográficos e epidemiolóxicos, control de axentes biolóxicos patóxenos, biotecnoloxía sanitaria, sanidade ambiental, radiacións electromagnéticas, bioelectromagnetismo.

Produción e calidade

Medicamentos de uso humano e veterinario, análise agroalimentaria, calidade na industria alimentaria, acuicultura (auga doce e mariña), produción agropecuaria convencional e ecolóxica, biotecnoloxía industrial e agraria, produción forestal, apicultura, helicicultura, viticultura, enoloxía, produción pesqueira, xestión cinética, xestión sustentable de recursos naturais, viveiros e xardinaría.

Formación e docencia

Universidade, secundaria, non regrada: formación ocupacional, escolastaller, educación ambiental e para a saúde. Servizos Prevención de riscos laborais-saúde laboral, bioloxía do lecer (zoolóxicos, museos, parques temáticos e xardíns botánicos), mercadotecnia-comercial de produtos farmacéuticos e aparellos de laboratorio, protección radiolóxica e seguridade nuclear, divulgación científica, taxacións e peritaxes.

TIPO DE ESTUDANTE

O estudante que se decida por esta carreira debe estar interesado nos temas relacionadas coa natureza, gustarlle a investigación, ter conciencia dos problemas ambientais, ser observador etc.

ESTRUTURA

É unha ensinanza de dous ciclos: 1º e 2º ciclo cunha duración de cinco anos e unha carga lectiva total de 322,5 créditos. Non se esixe realizar un proxecto de fin de carreira. Consta das seguintes especialidades ou orientacións:

Bioloxía Fundamental e Sanitaria, Biotecnoloxía e Organismos e Sistemas

ACCESO

A estes estudos pódese acceder desde:

Opción A) Científico-Tecnolóxica de COU

Opción B) Biosanitaria de COU

Modalidade 1) Científico-Técnica do bacharelato LOXSE

Modalidade 2) Ciencias da Saúde do bacharelato LOXSE

PASARELAS

Pódese acceder directamente ao 2º ciclo desta titulación, desde:

1º ciclo de Bioloxía.

Pódese acceder ao 2º ciclo desta titulación, mediante complementos de formación, desde:

1º ciclo de Ciencias do Mar.

Desde o 1º ciclo desta titulación pódese acceder directamente a:

Licenciatura en Enoloxía.

Licenciatura en Bioquímica.

Desde o 1º ciclo desta titulación pódese acceder, mediante complementos de formación, a:

2º ciclo de Ciencias Ambientais.

2º ciclo de Ciencias do Mar.

Licenciatura en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos.

Licenciatura en Ciencias e Técnicas Estatísticas.

PRIMEIRO CICLO

Primeiro Curso

Disciplinas	Tipo	Total créditos
Botánica I	T	7.5
Botánica II	T	7.5
Citoloxía e histoloxía vexetal e animal	T	10
Física dos procesos biolóxicos	T	5
Matemáticas	T	5
Química	T	6.5
Zooloxía	T	10
Edafoloxía	O	6
Xeoloxía	O	5

Segundo Curso

Disciplinas	Tipo	Total créditos
Bioestadística	T	9.5
Bioquímica	T	9.5
Fisioloxía animal I	T	5.5
Microbioloxía I	T	9
Organografía microscópica animal	T	5
Xenética xeral	T	9.5
Parasitoloxía	O	6
Libre elección	LE	10.5

Terceiro Curso

Disciplinas	Tipo	Total créditos
Ampliación de bioquímica	T	5.5
Ecoloxía I	T	7.5
Ecoloxía II	T	7.5
Fisioloxía animal II	T	9.5
Fisioloxía vexetal	T	10
Microbioloxía II	T	6
Xenética de poboacións e evolutiva	T	5.5
Cordados	O	5
Libre elección	LE	8.5

SEGUNDO CICLO

Cuarto Curso

Disciplinas	Tipo	Total créditos
Métodos e técnicas en taxonomía e identif de vexetais	T	4.5
Métodos en bioquímica e bioloxía molecular	T	4.5
Métodos en fisioloxía animal	T	4.5
Métodos en inmunoloxía	T	6
Técnicas en microbioloxía	T	4.5
Técnicas histolóxicas	T	4.5
Creceamento e desenvolvemento de plantas	O	5
Materias de orientación (cinco materias)	OP	32.5

Quinto Curso

Disciplinas	Tipo	Total créditos
Métodos e técnicas de mostraxe en ecoloxía	T	4.5
Métodos en fisioloxía vexetal	T	4.5
Métodos en xenética	T	4.5
Métodos en zooloxía	T	4.5
Bioquímica clínica	O	6.5
Endocrinoloxía	O	6.5
Materias de orientación (dúas materias)	OP	13
Optativas xerais de 2º ciclo (catro materias)	OX	20
Libre elección	LE	13.5

Orientación 01: Bioloxía fundamental sanitaria

Disciplinas	Tipo	Total créditos
Bioloxía molecular	OP	6.5
Bioquímica clínica	OP	6.5
Citoxenética	OP	6.5
Embrioloxía	OP	6.5
Endocrinoloxía	OP	6.5
Microbioloxía sanitaria	OP	6.5
Neurofisioloxía	OP	6.5

Nota:

Aqueles alumnos que non opten por algunha das orientacións implantadas deberán cursar 65,5 créditos optativos entre as distintas materias optativas de 2º ciclo que se ofrecen, xa sexan de orientación ou xerais.

Orientación 02: Biotecnoloxía

Disciplinas	Tipo	Total créditos
Bioloxía celular	OP	6.5
Biotecnoloxía vexetal	OP	6.5
Enxeñaría dos procesos fermentativos	OP	6.5
Fisioloxía vexetal aplicada	OP	6.5
Inmunotecnoloxía	OP	6.5
Microbioloxía industrial	OP	6.5
Xenética molecular	OP	6.5

Nota:

aqueles alumnos que non opten por algunha das orientacións implantadas deberán cursar 65,5 créditos optativos entre as distintas materias optativas de 2º ciclo que se ofrecen, xa sexan de orientación ou xerais.

Orientación 03: Organismos e sistemas

Disciplinas	Tipo	Total créditos
Artrópodos	OP	5
Avaliación e conservación de solos	OP	6.5
Biodiversidade de plantas non vasculares	OP	6.5
Biodiversidade de plantas vasculares	OP	6.5
Ecosistemas acuáticos	OP	6.5
Ecosistemas terrestres	OP	6.5
Invertebrados non artrópodos	OP	8

Nota:

aqueles alumnos que non opten por algunha das orientacións implantadas deberán cursar 65,5 créditos optativos entre as distintas materias optativas de 2º ciclo que se ofrecen, xa sexan de orientación ou xerais.

Optativas xerais

Disciplinas	Tipo
Antropoloxía	OX
Bases ecolóxicas para a conservación	OX
Conservación e distribución da fauna	OX
Etoloxía	OX
Fisioloxía vexetal ambiental	OX
Fisiopatoloxía	OX
Fundamentos de sistemática	OX
Contaminación de solos	OX
Modelo e técnicas de análise de datos	OX
Neuroanatomía	OX
Parasitoloxía aplicada	OX
Patoloxía molecular	OX
Xenética aplicada	OX
Xeobotánica	OX

Outórganse 32,5 créditos de libre elección por:

Prácticas en empresas, institucións públicas ou privadas etc.

Estudos realizados no marco de convenios internacionais subscritos pola Universidade.

Outras actividades: cursos, seminarios e estudos nos conservatorios profesionais e superiores de música.

T Troncal **OX** Optativa xeral

O Obrigatoria **LE** Libre elección

OP Optativa obrigatoria

Ficha

Titulación	Licenciatura en Bioloxía
Centro	Facultade de Bioloxía
Ensinanzas	Primeiro e Segundo Ciclo
Nº anos académicos	5
Curso de implantación	01/02
Data B.O.E.	28/08/01

Créditos totais

Troncais	Obrigatorios	Optativos	Libr. config.	Trab. fin. carr.	Totais
197.5	27	65.5	32.5	Non	322.5

Información

Facultade de Bioloxía. Edificio de Ciencias Experimentais

Campus Universitario

36310 Vigo (Pontevedra)

Tfno.: 986 811 976 Fax: 986 812 556

<http://www.facultadbiologia.uvigo.es>

Servizo de Extensión Universitaria. Sección de información (SIOPE)

Edificio Miralles - Praza de Enric Miralles

Campus de Vigo

36310 Vigo (Pontevedra)

Tfno. 986 813 630/ 755 Fax. 986 813 639

Correo electrónico: siope@uvigo.es

www.uvigo.es